


# ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

## Orientacións para a familia



CEIP FLAVIA (Padrón)  
Audición e Linguaxe  
Departamento de  
Orientación

A linguaxe oral é unha función e unha destreza que se aprende de xeito natural por unha serie de intercambios coa nosa contorna social.



A adquisición da linguaxe é un proceso evolutivo que segue o seu propio ritmo. **Este non é igual en todos os nenos e nenas.**

É importante que como pai e nai, ofrezades uns **modelos correctos de pronunciación.**

No control da articulación interveñen decisivamente o oído, a respiración, o sopro e a capacidade de mobilidade dos órganos bucofonatorios (lingua, beizos e padal).

A continuación preséntasevos unha serie de orientacións para a estimulación da linguaxe nos vosos fillos e fillas.

✦ Fálalle a modo, de xeito claro e mirándolle á cara. Debemos tamén procurar sempre que sexa posible estar á mesma altura que o neno/a para que vexa como articulamos. Non debemos esquecer que os nenos e nenas aprenden por imitación por iso se lles damos un patrón correcto e o visualiza lles será máis sinxelo.

✦ Conversa co teu fillo/a tan a miúdo como sexa posible. Tamén procura verbalizar todo o que estar a facer.

✦ Fálalle correctamente e non imites a súa maneira de falar.

✦ Nunca debes rirte dos erros de articulación cometidos polo teu fillo/a.. Cando estes erros se produzan deberemos repetir correctamente o que acaba de dicir errónemante. Por exemplo, se o/a neno/a di "non quero o patano" os pais repetirán algo como "Dis que non queres o plátano? "Veña, tes que comer o plátano"..

O mesmo se ocorre na construción das oracións: sempre debemos ofrecerlle un

modelo correcto. Por exemplo, se o neno di "é Seu coche do seu papá? Nós diremos a frase: "Si, é o coche do seu pai"

✦ Intenta que o teu fillo sinta que o comprendedes. Fai esforzos por comprendelo e que o neno non se sinta frustrado. Evita sempre os comentarios, incluso por parte de familiares e amigos, respecto á súa forma de falar ("que mal fala" "¿Qué dis? Que non te entendo...") pois pode conducir a unha inbición da fala reducindo a súa expresión.

✦ Evitar que o/a neno/a se exprese con xestos. Por exemplo, cando nos pide algo soamente sinalando co dedo,non lle deberedes facer caso ata que diga, ou intente dicir, o nome do que quere.

✦ Non o/a atosiguedes porque pareza que vai lento, cada quen ten o seu ritmo de pronunciación.


✦ Cando lle formulemos preguntas debemos procurar que sexan abertas, é dicir, que non teñan que contestar simplemente Si ou Non. Tamén debemos darlle tempo para respondelas.

- ↻ Cando estemos conversando con él o neno ou nena, ten que mirarnos aos ollos. Se non o fai, pedirlle que nos mire. É importante manter o contacto visual cando falamos.
- ↻ Ensina ao teu fillo/a a respectar os turnos de comunicación. Se está falando outra persoa deberá escoitala e agardar que remate para poder el/ela intervir.
- ↻ Sempre que o neno/a inicie unha conversa, tenta que esta se manteña o maior tempo posible
- ↻ Da "a volta" as súas preguntas, animándolle a pensar e a manifestar as súas opinións. A ti que che parece? Qué pensas ti? ...
- ↻ Aproveita as ocasións nas que o/a neno/a disfruta contigo para falar con el, xoga con el, lelle contos (pedíndolle axuda nalgún momento e facéndolle preguntas), debuxa con el...



- ↻ Elixe falar de temas ou actividades motivantes e atractivos para o/a neno/a e así provocar a linguaxe.
- ↻ Pídelle que che explique as cousas que está vendo, o xogo co que está a xogar, como fixo algún traballo, por que se comportou así...
- ↻ Despois de facer unha actividade interesantes para o/a neno/a, como unha viaxe, un aniversario, excursión... comenta con el todo o que ocorreu, fálalle dese acontecemento, que conte o que pasou...
- ↻ Tenta que conte as cousas de xeito ordenado: que pasou antes e despois, que fará enseguida, logo...
- ↻ Xogar a adiviñar obxectos, animais... nomeando algunha característica. Por exemplo: É un animal con catro patas e un pescozo moi longo
- ↻ Mirar revistas e contos que indiquen o nome de obxectos que aparecen nas imaxes.
- ↻ Ensínalle cancións, adiviñas, refrans, ..
- ↻ Xogar ao veo-veo

✦ Xogar co/a neno/a imitando sons da contorna (choiva, moto, teléfono, ambulancia...) animais (can, gato, galo, serpe...) ou persoas (falar como un lobo, un ratiño, un ogro un vello...)










✦ O adulto pode facer un son e o/a neno/a ten que inciar cal é e despois repetirao o propio neno. Despois poden cambiarse os papeis.




✦ Facilitarlle xogos de sopro (globos, muiño de vento, pompas de xabón...), e instrumentos de vento (fauta, armónica, asubío...)

✦ Procurar que a alimentación do neno/a sexa sólida, porque a través da masticación fortalecerase os organos bucofonatorios.

✦ Xogar co neno a facer movementos cos beizos, lingua e mandíbula. É mellor facer estes exercicios a miúdo e evitar cansar ao neno/a.

	
1. Abrir a boca	2. Pechar a boca
	
3. Poñer o fuciño á esquerda e dereita	4. Sacar o fuciño cara diante sen xuntar os beizos
	
5. Poñer o labio de abaixo sobre o de arriba e viceversa	6. Inflar as meixelas

	
7. Sacar a lingua e despois metela dentro	8. Lingua arriba (tentar tocar o nariz)
	
9. Lingua abaixo (tentar tocar a barbilla)	10. Lingua detrás dos incisivos superiores
	
11. Lingua detrás dos incisivos inferiores (dentes de abaixo)	12. Lingua á comisura dereita e esquerda dos labios

	
13. Lingua tocando a meixela esquerda e despois a dereita	14. Xirar a lingua chupando o labio superior
	
15. Xirar a lingua chupando o labio inferior.	16. Sacar a lingua estreita e tensa.

Estas pautas e exercicios pretenden orientar aos pais e nais ou persoas do entorno do neno preocupados polo desenvolvemento da linguaxe oral dos seus fillos/as. Son suxestións e ideas que poderedes poñer en práctica coas modificacións e cambios que

consideredes oportunos, pensando nunha maior adaptación aos gustos e interese do voso/a neno/a.

Se tiveran algunha dúbida por favor contacten co Departamento de Orientación.

